INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Xacobeo 21·22

Resolución

De inicio do procedemento de selección de adquirentes de vivendas de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións.

De acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 1/2010, trala petición do propietario da vivenda que se relaciona a continuación, esta xefatura territorial,

ACORDA

Primeiro. Iniciar o proceso de selección dos adquirentes das seguintes vivendas de promoción pública en segunda ou posterior transmisión:

Concello: A Peroxa
Número de vivendas: 1

1. Vivenda situada : Rúa Nova nº8 – A Peroxa.

Expediente: OR-97/01, conta 12.

Superficie útil: 90,00 m²

Tipoloxía: 3 dormitorios.

Anexos vinculados. Garaxe: Si, Rocho: Si

Prezo: 70.914,79 euros

Segundo. Ofertar a dita vivenda a través da páxina web do IGVS ás persoas inscritas ou anotadas para este tipo de vivendas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, ata a data tope do 19 de xaneiro de 2022.

Terceiro. A vivenda adquirirase en propiedade, en virtude do contrato de compravenda que se formalice co anterior titular. O modelo de contrato será facilitado polo IGVS e, unha vez asinado, deberá presentarse ante este organismo para o seu visado.

Cuarto. Procedemento de selección

1. As solicitudes de compra das vivendas ofertadas presentaranse nesta xefatura territorial no prazo de quince días a contar desde o día seguinte ó de alta do anuncio da oferta na páxina web do IGVS.

2. De producirse unha soa petición por vivenda ofertada, esta seralle adxudicada ó seu

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
Área Provinvial
Saenz Diez nº 1 32003 Ourense
patrimonio.igvs.ourense@xunta.gal

CVE: MZO8XmgQa8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

demandante respectivo, sen prexuízo do disposto no punto 3 deste apartado.

O sorteo da vivenda terá lugar, para o caso de que concorreran dous ou máis peticionarios cos requisitos esixidos para iso por cada vivenda que se oferte. Este sorteo, de selo caso, realizarase o día 25 de febreiro de 2022, nesta xefatura territorial.

3. Deberase acreditar a actualización dos datos referidos ó cumprimento dos requisitos para seren titulares de vivenda de promoción pública. Para este fin, a xefatura territorial poderá solicitar ó seleccionado a documentación que considere necesaria.

Se revisada a documentación e practicadas as actuacións citadas, o adquirente seleccionado non cumprira os requisitos esixidos, se declarará excluído, logo do trámite de audiencia, e o seu lugar ocuparao o primeiro integrante da lista de espera que cumpra ditos requisitos.

4. Efectuada a selección do adquirente, notificarase o resultado ó vendedor da vivenda. Ó designado como adquirente concederáselle un prazo de dez días para que comunique a súa aceptación. De non aceptar ou non contestar en prazo, entenderase que non está interesado na súa adquisición e procederase a designar como posible comprador ó seguinte peticionario, que determinou como preferente o listado confeccionado a resultas do sorteo.

A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Victoria Núñez López

(documento asinado electrónicamente)

Asinado por: NÚÑEZ LÓPEZ, MARÍA VICTORIA
Cargo: Xefa territorial
Data e hora: 24/01/2022 10:33:33

CVE: MZO8XmgQa8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

D./Dna. _____ con D.N.I. _____, e núm. de inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia _____, á vista da oferta de vivendas de promoción pública en segundas transmisións, para selección de adquirentes, publicada no portal de Internet do IGVS, con data do _____ de_____ de 20___.

SOLICITO:

A inclusión no procedemento de selección de adquirentes para a/s vivenda/s que a continuación sinalo, de conformidade co disposto no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Vivenda/s nas que estou interesado (Marque as que correspondan, indicando de selo caso a orde de preferencia):

□ OR-97/010, conta 12 (R/ Nova n.º 8, A Peroxa)

_____, ___ de _____ de 202__

Sinatura

INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO DE OURENSE
R/ SAENZ DIEZ Nº 1
OURENSE